

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

14904 *Real decreto 1657/2012, do 7 de decembro, polo que se regula o procedemento de pagamento da compensación equitativa por copia privada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.*

A Directiva 2001/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, relativa á harmonización de determinados aspectos dos dereitos de autor e dereitos afíns aos dereitos de autor na sociedade da información, permítelles aos Estados membros da Unión Europea limitar ou exceptuar o dereito de reprodución dos autores no caso das copias efectuadas por unha persoa física para uso privado e sempre que os titulares dese dereito reciban a cambio unha compensación equitativa. Trátase do chamado límite ou excepción de copia privada, que en España se encontra establecido no artigo 31.2 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril.

A normativa europea non regula explicitamente a forma, as modalidades de financiamento e de percepción ou a contía da dita compensación máis alá de exixir que resulten adecuadas ao uso feito das obras ou das prestacións protexidas e de indicar que un criterio útil para avaliar as circunstancias de cada caso concreto sería o posible dano que o acto en cuestión causase aos titulares dos dereitos. Así, determinadas situacións nas cales o prexuízo causado ao titular do dereito sexa mínimo non poderían dar orixe a unha obriga de pagamento. Pola súa parte, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea sinalou a ampla marxe de apreciación dos Estados membros para determinar quen está obrigado ao pagamento da compensación equitativa por copia privada (Sentenza Sticthing de Thuiskopie do 16 de xuño de 2011, asunto C-462/09) e a facultade recoñecida a aqueles para determinar, dentro dos límites impostos pola Directiva 2001/29/CE, a forma, as modalidades de financiamento e de percepción e a contía da dita compensación equitativa (Sentenza do 21 de outubro de 2010, asunto C-467/08). Esta última sentenza sinala que un criterio útil para avaliar as circunstancias que permitan determinar a contía da compensación sería o posible dano que cada acto de reprodución causase aos titulares dos dereitos e, así mesmo, que, para determinar a compensación, non se poden ter en conta indiscriminadamente aqueles equipamentos, aparellos e soportes de reprodución dixital que non se puxesen á disposición de usuarios privados e que estean manifestamente reservados a usos distintos á realización de copias privadas.

A disposición adicional décima do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, sen derogar ese límite aos dereitos de propiedade intelectual, si suprimiu o sistema de compensación que se prevía no artigo 25 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual. Este artigo, ben que non foi obxecto dunha derogación formal, si o foi materialmente, de modo que non son aplicables aquelas partes que se opoñen ao establecido na disposición adicional décima do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, norma que modificou o mecanismo de financiamento da compensación, que deixa de depender da recadación que as entidades de xestión dos dereitos de propiedade intelectual obteñen dos intermediarios no mercado de equipamentos, aparellos e soportes de reprodución, para pasar a se financiaren directamente con cargo aos orzamentos xerais do Estado, quedando mandatado o Goberno para establecer regulamentariamente o procedemento de pagamento da compensación e, en consecuencia, para determinar a súa contía no novo sistema, para o que deberá tomar como base a estimación do prexuízo causado polo establecemento do referido límite ao dereito de reprodución, isto en exercicio da potestade regulamentaria do Executivo, definida no artigo 23 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, como función de desenvolvemento da lei, e concretada

en canto ao desenvolvemento da Lei de propiedade intelectual na súa disposición derradeira única e na disposición derradeira vixésimo segunda do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, que complementa a habilitación específica contida na antes citada disposición adicional décima do mesmo real decreto lei, cuxo punto 3 permite regular os criterios obxectivos e o procedemento de determinación da contía compensatoria, para o que debe terse en conta, no dito desenvolvemento, a facultade que a Lei de propiedade intelectual atribúe ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para valorar a concorrencia, nas entidades autorizadas a xestionar dereitos de propiedade intelectual, das condicións da dita autorización, entre elas a eficaz administración dos dereitos cuxa xestión lle é encomendada, en todo o territorio español.

Respecto á orixe deste financiamento con cargo aos orzamentos xerais do Estado, débese lembrar que, segundo a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, a lei é fonte de obrigas para a Facenda pública estatal, exixibles cando resulten da execución dos orzamentos, e que, segundo o artigo 31.2 da Constitución española, o gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos.

Así, o lexislador considerou oportuno que os cidadáns se poidan beneficiar, en territorio español, do límite de copia privada nos termos establecidos no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, como contraprestación a unha parte dos impostos que satisfán e dos que se nutren os ingresos públicos.

Débese lembrar tamén que, de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os tributos, ademais de seren medios para obter os recursos necesarios para o sostemento dos gastos públicos, poderán servir como instrumento da política económica xeral e atender á realización dos principios e fins contidos na Constitución.

Neste sentido, a Constitución española, no seu artigo 9.2, impón aos poderes públicos o deber de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida cultural, e prevé no seu artigo 44.1 a promoción e tutela do acceso á cultura, á cal todos teñen dereito, por parte dos ditos poderes.

Este real decreto cumpre o mandato da disposición adicional décima do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, regulando o procedemento e os criterios obxectivos para a determinación da contía anual da compensación equitativa por copia privada tomando como base o prexuízo causado, e o procedemento de liquidación e pagamento aos perceptores da compensación equitativa por copia privada con cargo aos orzamentos xerais do Estado nas tres modalidades de reprodución, de libros, de son, e visual ou audiovisual, referidas no artigo 25 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual. Mantén as categorías de titulares beneficiarios establecidas no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, así como a distribución da compensación entre estas categorías por cada modalidade de reprodución e as reproducións que non teñen a consideración de copia privada, establecidas no Real decreto 1434/1992, do 27 de novembro, de desenvolvemento dos artigos 24, 25 e 140 da Lei 22/1987, do 11 de novembro, de propiedade intelectual, na versión dada a estes pola Lei 20/1992, do 7 de xullo.

Establece, non obstante, un procedemento *ad hoc* de concesión de entregas á conta da compensación equitativa por copia privada correspondente ao exercicio 2012 que se encontra xustificado nos prazos existentes para a súa aplicación inmediata tras a entrada en vigor deste real decreto e en facilitar a transición, para as entidades de xestión, do sistema vixente ata 2011 ao procedemento establecido polo Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro.

Sobre a elaboración da presente norma, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación en materia de propiedade intelectual e industrial, e segundo a habilitación prevista na disposición derradeira única do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, emitiron informe os ministerios de Industria, Enerxía e Turismo, e de Economía e Competitividade. Igualmente, foron oídas as organizacións e as asociacións recoñecidas pola lei e que agrupan ou representan os lexítimos interesados e cuxos fins gardan

relación directa co obxecto do real decreto, e foi sometido a trámite de información pública.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 7 de decembro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación:

- a) Do procedemento e dos criterios obxectivos para a determinación da contía anual da compensación equitativa por copia privada tomando como base o prexuízo causado.
- b) Do procedemento de liquidación e pagamento aos perceptores da compensación equitativa por copia privada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 2. *Titulares beneficiarios.*

1. Serán beneficiarios da compensación equitativa por copia privada, en canto titulares de dereitos de propiedade intelectual, os autores das obras divulgadas en forma de libros ou publicacións que, para estes efectos, se asimilen, así como de fonogramas, videogramas ou doutros soportes sonoros, visuais ou audiovisuais, explotadas publicamente e, nos casos en que corresponda, os editores, os produtores de fonogramas e videogramas e os artistas intérpretes ou executantes cuxas actuacións fosen fixadas nos ditos fonogramas e videogramas. Quedan excluídos do disposto neste número os titulares de dereitos relativos a bases de datos electrónicas e aos programas de ordenador.

2. Este dereito será irrenunciable para os autores e os artistas intérpretes ou executantes.

3. Para os efectos do presente real decreto entenderanse asimiladas aos libros as publicacións de contido cultural, científico ou técnico sempre e cando:

- a) Estean editadas en serie continua cun mesmo título a intervalos regulares ou irregulares, de forma que os exemplares da serie leven unha numeración consecutiva ou estean datados, con periodicidade mínima mensual e máxima semestral.
- b) Teñan, polo menos, 48 páxinas por exemplar.

Artigo 3. *Contía da compensación.*

1. A cantidade adecuada para compensar o prexuízo causado aos titulares dos dereitos de reprodución polo establecemento da excepción de copia privada nos termos previstos no artigo 31 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, determinarase, dentro dos límites orzamentarios establecidos para cada exercicio, mediante orde do ministro de Educación, Cultura e Deporte, conforme o procedemento establecido no artigo 4.

2. A contía da compensación calcularase sobre a base do prexuízo efectivamente causado aos titulares dos dereitos de propiedade intelectual como consecuencia da reprodución por persoas físicas, en calquera soporte, a partir de obras xa divulgadas ás cales accedesen legalmente, isto nos termos previstos no artigo 31 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Para a estimación deste prexuízo deberanse ter en conta, entre outros, os seguintes criterios obxectivos:

- a) A estimación do número de copias realizadas, nos termos previstos no artigo 31 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, excluindo aquelas reproducións

realizadas mediante equipamentos, aparellos e soportes de reprodución dixital que non se puxesen á disposición de usuarios privados e que estean manifestamente reservados a usos distintos de copias privadas, e excluíndo, así mesmo, os casos en que queda exceptuado por lei o pagamento da compensación.

b) O impacto da copia privada sobre a venda de exemplares das obras, tendo en conta o grao de substitución real destes polas copias privadas realizadas e o efecto que supón que o adquirente dun exemplar ou copia orixinal teña a posibilidade de realizar copias privadas.

c) O prezo medio da unidade de cada modalidade reproducida, a porcentaxe do prezo da copia orixinal que vai destinada a remunerar os dereitos de propiedade intelectual e a vixencia dos dereitos de propiedade intelectual das obras e prestacións reproducidas.

d) O diferente prexuízo do establecemento do límite de copia privada segundo, entre outros criterios, o carácter dixital ou analóxico das reproducións efectuadas ao abeiro da excepción, ou a calidade e o tempo de conservación das reproducións.

e) A dispoñibilidade e a aplicación de medidas tecnolóxicas efectivas a que se refire o artigo 160.3 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

3. Sen prexuízo do disposto no número anterior, non darán orixe a unha obriga de compensación aquelas situacións en que o prexuízo causado ao titular do dereito de reprodución sexa mínimo.

4. Para os efectos do disposto no presente real decreto, e sen prexuízo do previsto no artigo 37 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, non teñen a consideración de reproducións para uso privado as seguintes:

a) As efectuadas en establecementos dedicados á realización de reproducións para o público, ou que teñan á disposición do público os equipamentos, os aparellos e os materiais para a súa realización.

b) As que sexan obxecto de utilización colectiva ou lucrativa, ou de distribución mediante prezo.

c) As realizadas mediante equipamentos, aparellos e soportes de reprodución dixital que non se puxesen á disposición de usuarios privados e que estean manifestamente reservados a usos distintos de copias privadas.

Artigo 4. *Procedemento para determinar a contía da compensación.*

1. A Secretaría de Estado de Cultura acordará, durante o primeiro trimestre de cada ano, a iniciación de oficio do procedemento para a determinación da contía da compensación equitativa por copia privada correspondente ao exercicio anterior.

2. A instrución deste procedemento corresponderá ao titular da Subdirección Xeral de Propiedade Intelectual, que poderá adoptar as medidas necesarias para a determinación, coñecemento ou comprobación dos datos que precise, incluíndo o requirimento de información directa ou indirectamente relacionada coa instrución deste procedemento a calquera entidade ou persoa pública ou privada, e a salvo do disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos.

Durante a tramitación do procedemento darase audiencia ás entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual.

3. O ministro de Educación, Cultura e Deporte determinará, mediante orde motivada, a contía da compensación equitativa por copia privada e a súa distribución entre as tres modalidades de reprodución referidas no artigo 25 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

4. Esta orde ministerial deberase adoptar no prazo de seis meses contado desde a data do acordo de inicio e publicarse no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 5. *Distribución da compensación en cada modalidade de reprodución.*

A distribución da compensación equitativa por copia privada realizarase da seguinte maneira:

- a) Na modalidade de fonogramas e demais soportes sonoros, o 50 por cento para os autores, o 25 por cento para os artistas intérpretes ou executantes e o 25 por cento para os produtores.
- b) Na modalidade de videogramas e demais soportes visuais ou audiovisuais, un terzo para os autores, un terzo para os artistas intérpretes ou executantes e un terzo para os produtores.
- c) Na modalidade de libros e publicacións asimiladas, o 55 por cento para os autores e o 45 por cento para os editores.

Artigo 6. *Asignación da compensación ás entidades de xestión.*

1. A compensación equitativa por copia privada farase efectiva a través das entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual, que actuarán como receptoras da compensación, recibindo os importes correspondentes durante o exercicio orzamentario no cal se determinase a contía, para a súa distribución e repartición aos titulares beneficiarios daquela.

2. A cantidade asignada a cada modalidade de reprodución en concepto de compensación distribuirase entre as entidades que xestionen os dereitos afectados mediante a aplicación das porcentaxes ou do sistema de repartición acordados por todas as entidades de xestión concorrentes na xestión de dereitos dunha categoría de titulares dunha mesma modalidade de reprodución.

Con carácter previo ao recoñecemento das obrigas e á proposta de pagamento, as entidades de xestión deberán achegar ante a Secretaría de Estado de Cultura:

- a) O acordo en que se establezan as porcentaxes ou o sistema de repartición, debidamente asinado polos representantes legais de todas as entidades que concorran na xestión de dereitos dunha categoría de titulares dunha mesma modalidade de reprodución.
- b) A acreditación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas fiscais e de seguridade social ou do consentimento para a comprobación telemática de tal cumprimento por parte da dita Secretaría de Estado.

As entidades de xestión deberán acreditar documentalmente ante a Secretaría de Estado de Cultura a recepción dos pagamentos efectuados con cargo ao orzamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte en concepto de compensación equitativa por copia privada, no prazo dun mes desde a súa recepción.

3. En caso de que as entidades de xestión concorrentes na xestión de dereitos dunha categoría de titulares dunha mesma modalidade non alcancen un acordo, a determinación das porcentaxes ou do sistema de repartición por cada modalidade poderase fixar ou establecer mediante laudo da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual ou doutro órgano arbitral, logo de subscripción do convenio arbitral por todas as entidades afectadas. Este laudo establecerá as porcentaxes, ou o sistema de repartición da cantidade da compensación asignada a cada modalidade, e permitirá recoñecer as obrigas e o pagamento ás entidades de xestión de conformidade cos seus termos.

4. As cantidades que, por falta de acordo entre as entidades de xestión, non puidesen ser asignadas a estas durante o exercicio seguinte a aquel a que corresponden como compensación equitativa por copia privada, serán consignadas en establecemento público co fin de evitar a devindicación de xuros.

Artigo 7. *Liquidación e repartición da compensación aos titulares beneficiarios.*

1. A repartición dos importes aboados con cargo aos orzamentos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte en concepto de compensación equitativa por copia privada entre os titulares beneficiarios realizarase de conformidade co artigo 154 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

2. As entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual remitirán anualmente e ata a súa total distribución, á Secretaría de Estado de Cultura, a información, por modalidade de reprodución, das cantidades aboadas e as pendentes de aboar da contía recibida en concepto de compensación equitativa por copia privada. Igualmente, informaran dos criterios detallados de distribución das cantidades recibidas entre os seus membros.

Esta información remitirase de conformidade co modelo que, para estes efectos, se aprobe por resolución do secretario de Estado de Cultura. Esta resolución determinará, igualmente, o calendario de entrega da citada documentación.

3. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte garantirá que o importe da compensación equitativa por copia privada que non fose aboadado aos seus titulares beneficiarios polas entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual, unha vez transcorrido o prazo legalmente previsto para a súa reclamación, sexa efectivamente destinado a actividades asistenciais, formativas ou de promoción, que poderán ser articuladas polo propio ministerio ou polas entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual, nos termos que legalmente se establezan.

Disposición adicional primeira. *Realización de actividades de asistencia e fomento por parte das entidades de xestión.*

1. As entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual, directamente ou por medio doutras entidades, deberán, segundo o establecido no artigo 155 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual:

- a) Promover actividades ou servizos de carácter asistencial en beneficio dos seus socios.
- b) Atender actividades de formación e promoción de autores e artistas intérpretes ou executantes.

2. As entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual deberán dedicar ás dúas modalidades de actividades a que se refire o número anterior, por partes iguais, o 20 por cento do importe da compensación equitativa por copia privada que reciban con cargo aos orzamentos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

3. No primeiro trimestre de cada ano, as entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual remitirán á Secretaría de Estado de Cultura a información referida ao exercicio anterior que a continuación se relaciona:

- a) Memoria pormenorizada das actividades ou servizos a que se refiren as letras a) e b) do número 1 desta disposición.
- b) Cantidades desagregadas que se afectasen ás ditas actividades ou servizos de acordo co previsto no número 2 desta disposición, e
- c) Relación pormenorizada de titulares beneficiarios.

4. Así mesmo, deberán remitir á Secretaría de Estado de Cultura calquera outra información que esta requira en relación coa realización de actividades de asistencia e fomento a que están obrigadas as entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual.

Disposición adicional segunda. *Aplicación supletoria.*

Ao procedemento administrativo previsto neste real decreto seralle de aplicación supletoria o establecido a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional terceira. *Non incremento de gastos en materia de persoal.*

As medidas incluídas no presente real decreto non poderán supor incremento de dotacións, nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional cuarta. *Eficiencia no aboamento da compensación.*

O Goberno establecerá mecanismos dirixidos a promover a eficiencia e a transparencia das entidades de xestión no aboamento das cantidades que correspondan en concepto de compensación equitativa por copia privada ao maior número de titulares beneficiarios.

Disposición transitoria primeira. *Equipamentos, aparellos e soportes materiais de reprodución adquiridos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012.*

1. Con excepción dos casos de liquidación e pagamento indebidos que dean dereito ao seu reembolso, entenderase que non procede a devolución do importe aboado ou repercutido pola aplicación do réxime de compensación equitativa por copia privada aos fabricantes, distribuidores, grosistas ou retallistas e compradores finais que o satisfixesen antes do 1 de xaneiro de 2012, data de entrada en vigor do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, e conforme a normativa daquela vixente, pola adquisición de equipamentos, aparellos e soportes materiais de reprodución afectados polo dito réxime de compensación.

2. Será de aplicación a normativa vixente en materia de copia privada anterior á entrada en vigor do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, aos debedores e, se for o caso, aos responsables solidarios da compensación equitativa por copia privada, que xa adquirisen tal condición en relación coa dita obriga legal antes do 1 de xaneiro de 2012 e non presentasen a declaración-liquidación prevista no artigo 25.4 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, ou non aboasen as cantidades correspondentes, conforme a normativa aplicable, polos equipamentos, aparellos e soportes materiais adquiridos antes da citada data.

Disposición transitoria segunda. *Compensación equitativa por copia privada correspondente ao exercicio 2012.*

1. O ministro de Educación, Cultura e Deporte, en cumprimento das obrigas derivadas deste real decreto, determinará a compensación equitativa por copia privada correspondente a 2012, con base no previsto na disposición adicional décima do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, e no disposto neste real decreto.

2. Sen prexuízo do previsto no número anterior, no momento da entrada en vigor deste real decreto a Secretaría de Estado de Cultura procederá a unha liquidación provisional da compensación correspondente a 2012 entre as entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual.

O importe da liquidación provisional correspondente a cada entidade de xestión calcularase en función da porcentaxe media devindicada en concepto de compensación por copia privada durante os tres últimos exercicios dos cales se dispoña de datos oficiais. Este importe non poderá exceder o límite das dispoñibilidades orzamentarias.

As cantidades libradas por este concepto aos distintos beneficiarios terán a consideración de entregas á conta da liquidación que finalmente resulte da aplicación do artigo 4 deste real decreto.

3. Finalizado o exercicio orzamentario 2012, procederase a realizar a liquidación definitiva das entregas á conta efectuadas, segundo se indica a continuación:

a) Se o importe das entregas á conta resultar de contía inferior á liquidación definitiva, procederase á imputación da diferenza ao concepto orzamentario correspondente do exercicio de 2013.

b) No suposto de que o importe das entregas á conta sexa de contía superior á liquidación definitiva, procederase a descontar a diferenza da compensación correspondente ao exercicio de 2013.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao presente real decreto e, en particular, o Real decreto 1434/1992, do 27 de novembro, de desenvolvemento dos artigos 24, 25 e 140 da Lei 22/1987, do 11 de novembro, de propiedade intelectual, na versión dada a estes pola Lei 20/1992, do 7 de xullo, e o Real decreto 1802/1995, do 3 de novembro, polo que se establece o sistema para a determinación da remuneración compensatoria por copia privada nas cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación sobre en materia de propiedade intelectual.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

O titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá ditar as ordes de desenvolvemento precisas para o cumprimento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA